

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Decreto 38/2009, do 19 de febreiro, polo que se modifica o Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, se crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención ao cidadán.

O Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, se crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención ao cidadán, constituíu un referente normativo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia garantindo os dereitos que o bloque constitucional reconece á cidadanía nas súas relacións coa Administración, dereitos tales como o dereito de información e atención ás cidadás e cidadáns, o dereito de acceso aos rexistros e o dereito a presentar suxestións e queixas.

No tempo que transcorreu desde a súa publicación tense producido una modificación da estrutura da Xunta de Galicia e varias modificacións da estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza que aconsellan adaptalo a estas, numerosos cambios nas denominacións e situación dos rexistros que fan imprescindible a actualización dos datos, e certas disfuncións no funcionamento dos rexistros que aconsellan retocar a súa regulación aproximándoa ás doutras administracións públicas.

Na súa virtude, por proposta da persoa titular da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, oído o Consello Consultivo de Galicia e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día dezanove de febreiro de dous mil nove,

DISPOÑO:

Artigo único.-Modificación do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, se crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención ao cidadán.

O Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, se crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención ao cidadán, queda modificado como segue:

Un.-Modifícase o título da disposición, que queda redactado como segue:

«Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, se crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención á cidadanía».

Dous.-O artigo 6 quedará redactado do seguinte xeito:

«Artigo 6º.-*Das actividades propias dos rexistros.*

Constitúen actividades propias dos rexistros:

a) A recepción de solicitudes, escritos e comunicacións presentadas polas cidadás e cidadáns, así como dos documentos que os acompañen dirixidos ás administracións públicas.

b) A expedición de recibos de presentación de solicitudes, escritos e comunicacións.

c) A expedición de copias seladas e compulsadas dos documentos que acompañen as solicitudes, escritos e comunicacións, presentadas polas cidadás e cidadáns, dirixidos ás administracións públicas.

d) A anotación de asentos de entrada e saída das solicitudes, escritos e comunicacións.

e) A remisión de solicitudes, escritos e comunicacións aos órganos ou unidades destinatarias.

f) Emitir certificacións dos asentos do rexistro, das solicitudes, escritos e comunicacións que se presenten.

g) Calquera outra que se lle atribúa legal ou regulamentariamente».

Tres.-Engádese o artigo 8 bis.

«Artigo 8 bis.-*Achega de documentos orixinais ao procedemento.*

1. Cando as normas reguladoras do correspondente procedemento ou actuación administrativa requiran a achega de documentos orixinais, as cidadás e cidadáns terán dereito á expedición polas oficinas de rexistro dunha copia selada do documento orixinal no momento da súa presentación. As oficinas de rexistro non estarán obrigadas a expediren copias seladas de documentos orixinais que non acompañen as solicitudes, escritos ou comunicacións presentadas pola cidadanía.

2. Para o exercicio deste dereito a cidadá ou cidadán achegará, xunto co documento orixinal, a súa copia. A oficina de rexistro cotexará a copia, e o documento orixinal, comprobando a identidade dos seus contidos, unirá o documento orixinal á solicitude, escrito ou comunicación ao que se xunte para a súa remisión ao órgano destinatario e entregará a copia á cidadá ou cidadán, unha vez dilixenciada cun selo en que consten os seguintes datos:

a) Data de entrega do documento orixinal e lugar de presentación.

b) Órgano destinatario do documento orixinal e extracto do obxecto do procedemento ou actuación para a tramitación da cal se achega.

A oficina de rexistro levará un rexistro expresivo das copias seladas que expida, no cal anotará os datos sinalados no parágrafo anterior.

3. A copia selada acreditará que o documento orixinal se atopa en poder da Administración correspondente, sendo válida para os efectos do exercicio pola cidadá ou cidadán do dereito recoñecido no artigo 35 f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como para solicitar, se for o caso, a devolución do documento orixinal, unha vez finalizado o procedemento ou actuación ou de acordo co que dispoña a normativa de aplicación.

A copia selada será entregada á Administración correspondente no momento en que o documento orixinal sexa devolto ao interesado. Se se producir a perda ou destrución accidental da copia, a súa entrega substituirase por unha declaración achegada pola cidadá ou cidadán en que expoña por escrito a circunstancia producida».

Catro.-Engádese un artigo 8º ter.

«Artigo 8º ter.-*Achega de copias compulsadas ao procedemento.*

1. Cando as normas reguladoras dun procedemento ou actividade administrativa requiran a achega de copias compulsadas ou cotexadas de documentos orixinais, a cidadá ou cidadán poderá exercer o seu dereito á inmediata devolución destes últimos polas oficinas de rexistro en que se presente a solicitude, escrito ou comunicación que deba acompañar a copia compulsada, con independencia do órgano, entidade ou Administración destinataria. As oficinas de rexistro non estarán obrigadas a compulsar copias de documentos orixinais cando as devanditas copias non acompañen as solicitudes, escritos ou comunicacións presentadas polas cidadás ou cidadáns.

2. Para o exercicio deste dereito a cidadá ou cidadán achegará, xunto co documento orixinal, unha copia. A oficina de rexistro realizará o cotexo dos documentos e copias, comprobando a identidade dos seus contidos, devolverá o documento orixinal á cidadá ou cidadán e unirá a copia, unha vez dilixenciada cun selo ou acreditación de compulsada, á solicitude, escrito ou comunicación a que se xunte para a súa remisión ao destinatario.

O selo ou acreditación de compulsada expresará a data en que se practicou, así como a identificación do órgano e da persoa que expiden a copia compulsada.

3. A copia compulsada terá a mesma validez que o orixinal no procedemento concreto de que se trate,

sen que en ningún caso acredite a autenticidade do documento orixinal».

Cinco.-O artigo 9º quedará redactado como segue.

«Artigo 9º.-*Rexistro de entrada e saída.*

1. Serán rexistradas de entrada todas as solicitudes, escritos ou comunicacións dirixidas a un órgano da Administración da comunidade autónoma ou a outros órganos de calquera das administracións públicas referidas no artigo 2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, nos termos previstos nel e, no caso de entidades que integran a Administración local de Galicia, para os efectos previstos no artigo 38.4º b) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se subscribise o oportuno convenio.

Non serán obxecto de rexistro:

a) A documentación complementaria que acompañe a solicitude, escrito ou comunicación que é obxecto de rexistro.

b) Os documentos de natureza publicitaria, comercial, informativa e análogos.

c) Aquelas solicitudes, escritos ou comunicacións que carezan absolutamente dos requisitos legalmente establecidos.

d) Os escritos administrativos ou comunicacións oficiais que se transmitan entre órganos e unidades administrativas a que preste servizo o mesmo rexistro.

2. Serán rexistrados de saída os escritos ou comunicacións oficiais dirixidos a outros órganos da Administración da comunidade autónoma, a órganos doutras administracións públicas e aos particulares.

3. Nas oficinas de rexistro a que se refire o artigo 7º a) porase á disposición daquelas persoas que pretendan a presentación simultánea dun número superior a 10 solicitudes, escritos ou comunicacións un impreso, segundo o modelo que se xunta como anexo IV a este decreto, para que relacionen aquelas, numerándoas e especificando a identidade das persoas interesadas, os órganos destinatarios, así como un extracto dos contidos. Este impreso será o único documento obxecto de rexistro».

Seis.-O artigo 17º queda redactado do seguinte xeito:

«1. As actividades que integran a atención á cidadanía son a información, orientación e recepción das suxestións ou queixas que poidan mellorar a calidade dos servizos públicos da comunidade autónoma.

2. O Sistema de Atención á Cidadanía da Xunta de Galicia, dependente funcionalmente da consellería

competente en materia de administracións públicas, estará integrado por:

-As oficinas de rexistro e información dependentes da citada consellería.

-As oficinas de rexistro e as de información administrativa e atención á cidadanía das diferentes consellerías e delegacións provinciais ou territoriais.

-As oficinas comarcais da Xunta de Galicia.

-O teléfono de Información Administrativa e Atención á Cidadanía 012.

-A rede de Portelo Único (anexo II).

-As webs da Xunta de Galicia no enderezo: <http://www.xunta.es/>

-O correo electrónico 012@xunta.es

3. A relación completa dos órganos que integran o sistema de atención á cidadanía e os seus enderezos postais publícanse como anexos I e V deste decreto».

Sete.-A disposición adicional segunda modifícase do seguinte xeito:

A letra b) da disposición adicional segunda quedará redactada como segue:

«b) Agás o que se estableza durante a xornada de verán, o horario de funcionamento das oficinas de Rexistro e Información dos edificios administrativos de San Caetano, A Coruña (Monelos), Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, será das 7.45 horas ás 19.30 horas nos días laborables e das 9.00 ás 14.00 horas os sábados. O horario de atención ao público será das 9.00 ás 19.00 horas os días laborables, e de 9.00 a 14.00 horas os sábados e os días 24 e 31 de decembro cando sexan días laborables».

Suprímese a letra c).

Disposicións derradeiras

Primeira.-*Referencias.*

1. Todas as referencias que no Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, se crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención ao cidadán, se fagan á Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administracións Públicas entenderanse realizadas á consellería competente en materia de administracións públicas.

2. As referencias que se fan á Inspección Xeral de Servizos entenderanse realizadas ao órgano competente en materia de calidade na xestión dos servizos públicos.

3. Todas as referencias realizadas á atención ao cidadán entenderanse realizadas á atención á cidadanía.

Segunda.-*Dependencia das oficinas de rexistro.*

As oficinas de rexistro propias da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia dependerán do órgano administrativo ao cal estean vinculadas, agás as oficinas de rexistro unificadas, adscritas ao rexistro xeral da Xunta de Galicia.

Terceira.-*Habilitación.*

Facúltase a persoa titular da consellería competente en materia de administracións públicas para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a execución e desenvolvemento deste decreto, así como para modificar, mediante orde, os seus anexos.

Cuarta.-*Entrada en vigor.*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dezanove de febreiro de dous mil nove.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

ANEXO I

Oficinas de rexistro

Presidencia da Xunta de Galicia

Santiago de Compostela

PR	Rexistro da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores	R. dos Feáns, 5, baixo
PR	Rexistro do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades	Estrada Santiago-Noia, km 3, A Barcia
PR	Rexistro da Secretaría Xeral de Emigración	R. dos Basquiños, 2

Madrid

PR	Casa de Galicia en Madrid	Casado de Alisal, 8, Madrid
----	---------------------------	-----------------------------

Bos Aires

PR	Delegación da Xunta de Galicia en Bos Aires	Avda. 25 de Mayo, 555 baixo, Bos Aires, República Arxentina
----	---	---

Montevideo

PR	Delegación da Xunta de Galicia en Montevideo	Avda. Maldonado 1045, esquina Río Negro, 11100, Montevideo, República Oriental do Uruguay
----	--	---

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar

* Provincia da Coruña

Santiago de Compostela

VP	Rexistro do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller	Praza de Europa, 15A, 2º, As Fontiñas
VP	Rexistro do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar	R. Amor Ruibal, 30-32, baixo

A Coruña

VP	Rexistro da Delegación Provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar	R. Enrique Mariñas, s/n, Matogrande
VP	Rexistro (Maior e Dependencia)	R. Concepción Arenal, 7 e 9

* Provincia de Ourense

Ourense

VP	Rexistro da Delegación Provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar	Camiño Prado Lonía, s/n
----	---	-------------------------

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

* Provincia da Coruña

Santiago de Compostela

PR	Oficina de Rexistro Único e Información da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	Edificio administrativo de San Caetano, s/n
PR	Rexistro do Centro de Atención ao Cidadán	R. Doutor Teixeiro, 26, entreplanta
PR	Rexistro da Dirección de Protección Civil	R. Roma, 25-27, As Fontiñas
PR	Rexistro da Escola Galega de Administración Pública	R. Madrid, 2-4, As Fontiñas
PR	Axencia Galega de Emerxencias	R. Raxeira, 52, As Fontiñas

A Coruña

PR	Rexistro Único do edificio administrativo	Praza Luís Seoane, s/n, Monelos
----	---	---------------------------------

Ferrol

PR	Rexistro Único do edificio administrativo	Praza Camilo José Cela, s/n
----	---	-----------------------------

Ordes

PR	Rexistro da Oficina Comarcal	R. Xeneral Mola, s/n, esqu. Camiño de Piñeiro
----	------------------------------	---

* Provincia de Lugo

Lugo

PR	Rexistro Único do edificio administrativo	Rolda da Muralla, 70
----	---	----------------------

Vilalba

PR	Rexistro da Oficina Comarcal	Poetisa Carmiña Prieto
----	------------------------------	------------------------

		Rouco, s/n
--	--	------------

* Provincia de Ourense

Ourense

PR	Rexistro Único do edificio administrativo	Avda. da Habana, 79
----	---	---------------------

O Barco de Valdeorras

PR	Rexistro da Oficina Comarcal	Praza Otero Pedrayo, 11 (Casa Grande de Vilaira)
----	------------------------------	--

* Provincia de Pontevedra

Pontevedra

PR	Rexistro Único do edificio administrativo	Fernández Ladreda, 43, Campolongo
----	---	-----------------------------------

Lalín

PR	Rexistro da Oficina Comarcal	R. Areal, 30, baixo
----	------------------------------	---------------------

Vigo

PR	Rexistro Único do edificio administrativo	Praza da Estrela-R. Concepción Arenal, 8
----	---	--

A Estrada

PR	Rexistro da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP)	Avda. da Cultura, s/n
----	---	-----------------------

Consellería de Economía e Facenda

* Provincia da Coruña

Santiago de Compostela

EC	Rexistro do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe)	Complexo administrativo de San Lázaro, s/n
EC	Rexistro do Instituto Galego de Estatística (IGE)	Complexo administrativo de San Lázaro, s/n
EC	Rexistro do Centro Informático para a Xestión Tributaria (Cixtec)	R. Domingo Fontán, 9
EC	Rexistro do Tribunal Galego de Defensa da Competencia	Área Central, 1º, local 34

A Coruña

EC	Rexistro da Delegación Territorial de Economía e Facenda	Praza de Pontevedra, 22
EC	Oficina Territorial do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe)	Praza de Pontevedra, 22, 2º

Ferrol

EC	Oficina Territorial do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) de Ferrol	Praza Camilo José Cela, 4º
----	--	----------------------------

* Provincia de Ourense

Ourense

EC	Rexistro da Delegación Territorial de Economía e Facenda	R. Xoán XII, 33
EC	Oficina Territorial do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe)	R. Xoán XII, 33

* Provincia de Pontevedra

Pontevedra

EC	Oficina Territorial do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe)	R. Michelena, 30
----	--	------------------

Vigo

EC	Oficina Territorial do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) de Vigo	R. Concepción Arenal, 8, 4º
----	--	-----------------------------

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

* Provincia da Coruña

Santiago de Compostela

OT	Rexistro da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística	R. dos Camiños da Vida, s/n, edificio Witland, Salgueiriños
OT	Rexistro de Portos de Galicia	Praza de Europa, 5-6, Área Central

A Coruña

OT	Rexistro do Servizo de Transportes	Alcalde Pérez Ardá, 4
OT	Rexistro de Portos de Galicia Zona Centro	Avda. Alférez Provisional, 1, 1º

* Provincia de Lugo

Lugo

OT	Rexistro de Portos de Galicia Zona Norte	Nicomedes Pastor Díaz, 13, 1º
----	--	-------------------------------

* Provincia de Ourense

Ourense

OT	Rexistro da Delegación Provincial de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes	Sáenz Dfez, 1
OT	Rexistro do Servizo de Transportes	Curros Enríquez, 1, entreplanta
OT	Rexistro do Servizo de Urbanismo	Avda. da Habana, 1, 2º

* Provincia de Pontevedra

Pontevedra

OT	Rexistro de Portos de Galicia Zona Sur	Benito Corbal, 37, 3º
----	--	-----------------------

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

* Provincia da Coruña

Santiago de Compostela

ED	Rexistro da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia	R. Lamas e Abade, s/n, Edificio IES Compostela, 5º andar
ED	Rexistro da Inspección Educativa	R. da Vesada, 107, San Lázaro

* Provincia de Ourense

Ourense

ED	Rexistro da Delegación Provincial de Educación e Ordenación Universitaria	R. Concello, 11
----	---	-----------------

Consellería de Innovación e Industria

* Provincia da Coruña

Santiago de Compostela

IN	Rexistro da Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento e Innovación	R. dos Feáns, 7, baixo
IN	Rexistro do Servizo Galego de Propiedade Industrial e Vixilancia Tecnolóxica (Segapi)	R. dos Feáns, 7, baixo
IN	Rexistro da Dirección Xeral de Turismo	Praza de Mazarelos, 15
IN	Rexistro do Instituto Galego de Consumo (IGC)	Avda. Gonzalo Torrente Ballester, 1-5 baixo
IN	Rexistro do Instituto Enerxético de Galicia (Inega)	R. Avelino Pousa Antelo, 5

* Provincia de Ourense

Ourense

IN	Rexistro da Delegación Provincial de Innovación e Industria	R. Curros Enríquez, 1, 4º
IN	Rexistro do Instituto Galego de Consumo (IGC)	Avda. Zamora, 13

* Provincia de Pontevedra

Pontevedra

IN	Rexistro do Instituto Galego de Consumo (IGC)	Travesía da Eiriña, 7, baixo
----	---	------------------------------

Consellería do Medio Rural

* Provincia da Coruña

Santiago de Compostela

MR	Rexistro do Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga)	R. dos Irmandiños, s/n, Salgueiriños
MR	Rexistro da Dirección Xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal	R. das Fontiñas, 31 baixo
MR	Rexistro da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader)	Rúa dos Camiños da Vida, s/n, Edif. Witland, 2ª planta, A e C
MR	Oficina Agraria Comarcal de Santiago de Compostela	R. Fonte dos Concheiros, 9
MR	Rexistro do Instituto Galego da Calidade Agroalimentaria	R. Fonte dos Concheiros, 11

Arzúa

MR	Oficina Agraria Comarcal de Arzúa	R. Padre Pardo, 25, 1º
----	-----------------------------------	------------------------

Baio

MR	Oficina Agraria Comarcal de Baio	R. Campo do Rollo, 48
----	----------------------------------	-----------------------

Betanzos

MR	Oficina Agraria Comarcal de Betanzos	Avda. Fraga Iribarne, 60
----	--------------------------------------	--------------------------

Cambre

MR	Oficina Agraria Comarcal de Cambre	Samosteiro, 5, baixo
----	------------------------------------	----------------------

Carballo

MR	Oficina Agraria Comarcal de Carballo	Detrás da Igrexa, s/n
----	--------------------------------------	-----------------------

Cedeira

MR	Oficina Agraria Comarcal de Cedeira	R. Pontenova, s/n
----	-------------------------------------	-------------------

Corcubión

MR	Oficina Agraria Comarcal de Corcubión	A Viña, s/n
----	---------------------------------------	-------------

Mabegondo

MR	Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo	Estrada Betanzos-Santiago, km 8, apdo correos 10
----	--	--

Melide

MR	Oficina Agraria Comarcal de Melide	Praza do Convento, 5
----	------------------------------------	----------------------

Negreira

MR	Oficina Agraria Comarcal de Negreira	R. Castelao, s/n
----	--------------------------------------	------------------

Noia

MR	Oficina Agraria Comarcal de Noia	R. Rosalía de Castro, 6, baixo
----	----------------------------------	--------------------------------

Ordes

MR	Oficina Agraria Comarcal de Ordes	Avda do Xeneralísimo, 41, 1º
----	-----------------------------------	------------------------------

Ortigueira

MR	Oficina Agraria Comarcal de Ortigueira	Avda. Xeneral Franco, 42, baixo
----	--	---------------------------------

Padrón

MR	Oficina Agraria Comarcal de Padrón	R. Dolores, s/n
----	------------------------------------	-----------------

Pontedeume

MR	Oficina Agraria Comarcal de Pontedeume	San Miguel, s/n
----	--	-----------------

As Pontes de García Rodríguez

MR	Oficina Agraria Comarcal das Pontes de García Rodríguez	R. Pontedeume, 12, baixo
----	---	--------------------------

Ribeira

MR	Oficina Agraria Comarcal de Ribeira	R. Xeneral Franco, 64-66
----	-------------------------------------	--------------------------

Santa Comba

MR	Oficina Agraria Comarcal de Santa Comba	R. Santa Catarina, s/n
----	---	------------------------

Teixeiro

MR	Oficina Agraria Comarcal de Teixeira	R. Sánchez Anido, 1º
----	--------------------------------------	----------------------

* Provincia de Lugo

Lugo

MR	Oficina Agraria Comarcal de Lugo	Rolda da Muralla, 70, baixo
----	----------------------------------	-----------------------------

Becerreá

MR	Oficina Agraria Comarcal de Becerreá	Rolda de Outeiro, 1, 1º
----	--------------------------------------	-------------------------

Castroverde

MR	Oficina Agraria Comarcal de Castroverde	Rosalía de Castro, 81
----	---	-----------------------

Chantada

MR	Oficina Agraria Comarcal de Chantada	Praza de España, 1º
----	--------------------------------------	---------------------

A Fonsagrada

MR	Oficina Agraria Comarcal da Fonsagrada	Avda. de Galicia, 36
----	--	----------------------

Foz

MR	Oficina Agraria Comarcal de Foz	Praza Mariscal Pardo Cela, s/n
----	---------------------------------	--------------------------------

Friol

MR	Oficina Agraria Comarcal de Friol	Avda da Coruña, 21, baixo
----	-----------------------------------	---------------------------

Guitiriz

MR	Oficina Agraria Comarcal de Guitiriz	Rúa Sesulfre, 21
----	--------------------------------------	------------------

Meira

MR	Oficina Agraria Comarcal de Meira	Avda. do Xeneralísimo, 47-49, entreplanta
----	-----------------------------------	---

Mondoñedo

MR	Oficina Agraria Comarcal de Mondoñedo	Rúa Pardo de Cela, 22
----	---------------------------------------	-----------------------

Monterroso

MR	Oficina Agraria Comarcal de Monterroso	R. Miguel Olivas Soto, s/n
----	--	----------------------------

Monforte de Lemos

MR	Oficina Agraria Comarcal de Monforte de Lemos	Avda. de Galicia, 64, baixo
----	---	-----------------------------

Quiroga

MR	Oficina Agraria Comarcal de Quiroga	R. Saa, 1, 1º E
----	-------------------------------------	-----------------

Ribadeo

MR	Oficina Agraria Comarcal de Ribadeo	Avda. de Galicia, 7, baixo
----	-------------------------------------	----------------------------

Sarria

MR	Oficina Agraria Comarcal de Sarria	R. Vázquez Queipo, 25
----	------------------------------------	-----------------------

Vilalba

MR	Oficina Agraria Comarcal de Vilalba	R. Prieto Rouco, s/n
----	-------------------------------------	----------------------

Viveiro

MR	Oficina Agraria Comarcal de Viveiro	R. Alonso Pérez, s/n
----	-------------------------------------	----------------------

* Provincia de Ourense

Ourense

MR	Rexistro da Delegación da Consellería do Medio Rural de Ourense	Florentino López Cuevillas, 4
----	---	-------------------------------

MR	Rexistro do Fondo Galego de Garantía Agraria de Ourense	Curros Enríquez, 1, 6º
----	---	------------------------

Allariz

MR	Oficina Agraria Comarcal de Allariz	R. Oliveira, 6, baixo
----	-------------------------------------	-----------------------

Bande

MR	Oficina Agraria Comarcal de Bande	Maestro Taibo, 29
----	-----------------------------------	-------------------

O Barco de Valdeorras

MR	Oficina Agraria Comarcal do Barco de Valdeorras	Casa Grande de Viloiira
----	---	-------------------------

O Carballiño

MR	Oficina Agraria Comarcal do Carballiño	R. Julio Rodríguez Souto, 14
----	--	------------------------------

Castro Caldelas

MR	Oficina Agraria Comarcal de Castro Caldelas	Casa do Concello, 1, 2º
----	---	-------------------------

Celanova

MR	Oficina Agraria Comarcal de Celanova	Avda. San Rosendo, 1, 1º B
----	--------------------------------------	----------------------------

A Gudiña

MR	Oficina Agraria Comarcal da Gudiña	Avda. Beato Sebastián Aparicio, Casa do Concello
----	------------------------------------	--

Maceda

MR	Oficina Agraria Comarcal de Maceda	R. Cardeal Quiroga, 19, 1º
----	------------------------------------	----------------------------

A Pobra de Trives

MR	Oficina Agraria Comarcal da Pobra de Trives	San Roque, 4
----	---	--------------

Ribadavia

MR	Oficina Agraria Comarcal de Ribadavia	Avda. Redondela
----	---------------------------------------	-----------------

A Rúa

MR	Oficina Agraria Comarcal da Rúa	R. Velázquez, 2
----	---------------------------------	-----------------

Verín

MR	Oficina Agraria Comarcal de Verín	R. Doutor Pedro González, 5, 1º
----	-----------------------------------	---------------------------------

Viana do Bolo

MR	Oficina Agraria Comarcal de Viana do Bolo	R. Constitución, s/n, Casa do Concello
----	---	--

Xinzo de Limia

MR	Oficina Agraria Comarcal de Xinzo de Limia	R. Ladeira, 21, 1º
----	--	--------------------

* Provincia de Pontevedra

Cabanas

MR	Rexistro de Produción e Sanidade Agropecuaria de Cabanas	Centro de Apoio de Cabanas, Salcedo
----	--	-------------------------------------

Caldas de Reis

MR	Oficina Agraria Comarcal de Caldas de Reis	R. Souto María López, 20, baixo
----	--	---------------------------------

Cangas

MR	Oficina Agraria Comarcal de Cangas	Avda. Ourense, 34, 1º
----	------------------------------------	-----------------------

A Cañiza

MR	Oficina Agraria Comarcal da Cañiza	R. Progreso 51, 2º
----	------------------------------------	--------------------

A Estrada

MR	Oficina Agraria Comarcal da Estrada	Praza Martínez Anido, 2, 1º
----	-------------------------------------	-----------------------------

Forcarei

MR	Oficina Agraria Comarcal de Forcarei	Edificio do Concello
----	--------------------------------------	----------------------

Lalín

MR	Oficina Agraria Comarcal de Lalín	R. Areal, 27, 1º
----	-----------------------------------	------------------

Pontearas

MR	Oficina Agraria Comarcal de Pontearas	R. Santa Ana, 23, baixo
----	---------------------------------------	-------------------------

Ponte Caldelas

MR	Oficina Agraria Comarcal de Ponte Caldelas	Avda. Galicia, 19
----	--	-------------------

O Porriño

MR	Oficina Agraria Comarcal do Porriño	R. Ribeira, s/n, Torneiros, Edif. Multiuso
----	-------------------------------------	--

Redondela

MR	Oficina Agraria Comarcal de Redondela	Paseo da Xunqueira, 15, 1º B
----	---------------------------------------	------------------------------

O Rosal

MR	Oficina Agraria Comarcal do Rosal	Praza do Calvario, s/n
----	-----------------------------------	------------------------

Silleda

